

ESTOXO DE PIPPI MEDIASLONGAS

Textos de **ASTRID LINDGREN**

Ilustracións de **INGRID VANG NYMAN**

Tradución de **DAVID A. ÁLVAREZ**

ISBN 978-84-13433-355-4. Sete Leguas +. 16,5 x 24,5 x 5,5 cm. 48 €

Contén os tres títulos da serie:

- «Pippi Mediaslongas». ISBN 978-84-8464-339-5.
- «Pippi Mediaslongas embarca». ISBN 978-84-8464-423-1.
- «Pippi Mediaslongas nos Mares do Sur». ISBN 978-84-8464-488-0.

Nenas e nenos de todo o mundo pasamos horas inesquecibles de lectura ao abeiro das andanzas de Pippi Mediaslongas. Canda ela, os seus inseparables Tommy e Annika, na compañía do seu cabalo e mais do señor Nilsson. Diversión, tenrura e humor, optimismo e ledicia son os ingredientes deste clásico universal e imprescindible. A súa protagonista converteuse nunha icona contemporánea que inspirou unha serie na televisión sueca en 1969 e varias películas.

Este estoxo especial reúne a triloxía completa de «[Pippi Mediaslongas](#)» (distinguido co Premio Gala do Libro 2018 á mellor tradución e incluído na Lista de Honra IBBY 2020), «[Pippi Mediaslongas embarca](#)» e «[Pippi Mediaslongas nos Mares do Sur](#)» coas ilustracións orixinais e restauradas de Ingrid Vang Nyman.


Rebelde e transgresora, independente e extrovertida, Pippi racha cos estereotipos, explora os límites da imaxinación e actúa de forma contestataria fronte aos maiores. As súas accións -motivadas polo absurdo, a espontaneidade ou a provocación- evidencian as convencións que rexían na escola, na familia e na sociedade da época.

En cada un dos volumes descubrimos a capacidade de Pippi para converter nunha aventura abraiante calquera cousa que faga: a vida en Vilapanela, a visita do seu pai, a viaxe á illa de Korakora onde o capitán Efraim Mediaslongas é o rei... Unha nena especial e única que fai da espontaneidade e do humor a súa bandeira!



www.**kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com



- **Temática:** as aventuras dunha nena rebelde, transgresora e divertida.
- **Idade recomendada:** dende 6 anos.
- **Aspectos destacables:** humor, aventuras, imaxinación; clásico da literatura infantil; da autora de «[Lotta](#)» e «[As aventuras de Emil](#)» (KALANDRAKA).
- **Avance dos libros:**
 - <https://issuu.com/kalandraka.com/docs/pippi-mediaslongas-g>
 - <https://issuu.com/kalandraka.com/docs/pippi-mediaslongas-embarca-g>
 - <https://issuu.com/kalandraka.com/docs/pippi-nos-mares-do-sur-g>

Astrid Lindgren

(Suecia, 1907 - 2002)

Astrid Anna Emilia Ericsson naceu nunha granxa de Nås, na provincia sueca de Småland. Afeccionada a escribir dende moi nova, foi autora de máis de 60 libros pioneiros na defensa dos dereitos da infancia e das mulleres, da igualdade, da non violencia, da natureza e dos animais. Escribiu «Pippi Mediaslongas» para a súa filla Karin mentres estaba convalecente e a obra foi publicada en 1945. Converteuse nun texto de referencia en todo o mundo e foi traducido a numerosas linguas. Entre os moitos recoñecementos que recibiu Astrid Lindgren destacan o Premio Nacional de Literatura de Suecia (1957), o Premio Hans Christian Andersen (1958), a Medalla de Ouro da Academia Sueca (1971), o Premio da Paz dos libeiros alemáns (1978) e o Premio Internacional do Libro da Unesco (1993). En 2003 o goberno sueco instaurou o Premio Memorial Astrid Lindgren, o máis importante no eido da literatura infantil e xuvenil.

<http://www.astridlindgren.com>

Ingrid Vang Nyman

(Dinamarca, 1916 - 1959)

Estudou na Real Academia Danesa de Belas Artes. A súa produción artística máis importante pertence ao período entre 1945 e 1952, vencellado sobre todo ás súas ilustracións de Pippi Mediaslongas, aínda que non tivo tanto recoñecemento como a autora malia estar considerada unha pioneira na revolución da ilustración de libros infantís. Astrid Lindgren dixo dela: "Calquera que tivese a sorte de atopar un ilustrador axeitado para o seu libro, debería estarlle eternamente agradecido a ese artista".